

Novas accións e medidas para transformar e modernizar a atención primaria

## MÁIS SERVIZOS

### POSTA EN MARCHA DOS PLANS LOCAIS DE SAÚDE

Ferramenta que permite mellorar a organización interna dos centros de saúde en función das necesidades dos profesionais e da poboación, o que permitirá ofrecer máis e mellores servizos.

### IMPLANTACIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DA DEMANDA EN EQUIPO (XIDE)

Permite ofrecer á cidadanía citas dirixidas por motivo de consulta, o que reduce os tempos de espera para resolver as súas demandas.

### MAIOR ACCESIBILIDADE PARA A RENOVACIÓN DE RECEITAS

Farmacéuticos e técnicos de saúde únense aos médicos de familia, como profesionais que poden renovar tratamentos crónicos diminuindo así as demoras para este servizo.

### SOLICITUDE DE TODO TIPO DE PROBAS DIAGNÓSTICAS

Profesionais de medicina de familia, pediatría, enfermaría e farmacia terán acceso á solicitude da totalidade de probas diagnósticas dispoñibles na súa área sanitaria, conseguindo así unha atención primaria máis resolutive.

### DEVOLUCIÓN DAS CHAMADAS NON ATENDIDAS

A implantación do sistema CRM100 permite que os persoal administrativo dos centros de saúde devolva en menos de dúas horas todas as chamadas telefónicas que non foron respondidas.

### PLAN DE INFRAESTRUCTURAS SANITARIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Contempla a posta en marcha de 37 novos centros de saúde e a ampliación e reforma doutros 14. Desde 2009 investíronse 120 millóns en novos centros e reformas.

## MEDIDAS DE APOIO Á XESTIÓN

### ATENCIÓN SOBRE O CORONAVIRUS

Habilitouse o teléfono 881540045 para a xestión das autodeclaracións, petición de probas PCR en pacientes con síntomas leves ou solicitude do certificado de vacinación.

Máis información en [coronavirus.sergas.gal](https://coronavirus.sergas.gal)

### CENTRAL DE SEGUIMENTO DE CONTACTOS COVID

Posta en marcha deste organismo para o seguimento de casos e contactos e xestión de probas diagnósticas que contribúan á detección da COVID.

### OFICINAS DE FARMACIA MAIS RESOLUTIVAS

Acordouse cos colexios de farmacéuticos que as oficinas de farmacia poidan imprimir certificados de vacinación e realización de probas diagnósticas.

### ACTIVACIÓN DAS AXENDAS DE CALIDADE

Que permiten garantir unha prestación homoxénea dos servizos, mellorar a organización, optimizar o traballo dos profesionais, organizar e xestionar o tempo de consulta, ou facilitar o desenvolvemento de actividades fora do centro de saúde.

### MELLORA DO PORTAL “E-SAÚDE”

É-Saúde ofrece a dispoñibilidade inmediata a través de internet dos resultados de analíticas, partes de baixa e alta laboral e informes de saúde laboral.